

Proposta de intervención na titoría de 4º ESO B

Sesión 1: Empatía

- 1. Dinámica de interacción con roles** (asignar un rol: “A que lle custa”, “A que acaba de chegar nova ao centro”, “O que vén doutro país e non ten adquirido o idioma”, “O tímido”, “A que sempre saca malas notas”, “O que sempre contesta mal ao profesor”, “A que ten un trastorno do espectro autista/TDAH”, “A que pertence a unha raza ou etnia diferente da maioritaria”, “O que pertence ao colectivo LGTBIQ+” /// “O que sempre saca boas notas”, “A que é a popular da clase”, “O que sempre fai todo ben”, “A que é unha deportista destacada”, “A delegada de aula perfecta”, “O que cae ben aos profes”).

Tempo: 15'-20'

Deixamos que descubran o seu rol. Reflexión acerca de como souberon cal era o seu rol e que o coloquen na parte do mural correspondente (“Etiquetas negativas” / “Etiquetas positivas”).

Intentamos chegar ao concepto de “PRIVILEXIOS” e como afectan e atravesan estes as nosas relación sociais.

Tempo: 15'-20'

- 2. Dándolle a volta ás etiquetas.** No mural coas “etiquetas” xa colocadas, intentamos darlle un sentido positivo ás “etiquetas negativas”. Pedímoslle que re-escriban en positivo cada unha das “etiquetas negativas”, en grupo.

Exemplo: “A/o solitaria/o” -> “A/o tímida/o” (non debería ter un sentido negativo, é unha cualidade sen máis). “A persoa que acaba de chegar doutro país” -> “A persoa que vén a enriquecer culturalmente o noso grupo”.

Tempo: 15-20'

Sesión 2: Empatía e cohesión

1. Co mesmo rol, *dinámica Asimetrías invisibles*.

INSTRUCCIÓN

Ler situacións. O alumnado deberá:

- Avanzar se considera que é unha situación non problemática.
- Dar pasos atrás se percibe a situación como problemática.
- Quedar no sitio se non o ten claro.

Análise final: quen avanzou máis? Por que?

SITUACIÓNS

- Queres entrar no equipo deportivo da vila.
- Chegas o primeiro día a clase.
- Hai que facer un traballo en grupo. Pódese elixir con quen facelo.
- Tes tarefas complicadas para as que precisas axuda.
- Hai unha excursión de dous días no teu centro. Ten custo económico.
- Debes falar/expoñer un traballo diante da clase.
- Intentas facer amizades no recreo, buscar alguén con quen estar.
- Son as festas/hai un festival na vila con grupos que che gustan

Preguntas finais/debate

- Quen avanzou máis e quen menos?
- Estas situacións danse no día a día no centro/vila?
- Como credes que podemos axudar a outras persoas a non “quedar atrás”/estar illadas no grupo?
- Se non hai moitas propostas, pedir que pensen un só xesto ou frase que poidan empregar cando sexan conscientes de que alguén está apartado/illado no grupo.

2. Dinámica: As nosas mochilas

Pedimos que escriban nun papel un episodio negativo da súa vida escolar que os marque ou lles fixera sentir mal. Pedimos que os metan nunha mochila con peso, que simboliza a “mochila” que todos e todas levamos con nós, e que ás veces marca a nosa forma de estar no grupo/instituto.

Lemos algúns destes papeis en alto e invitamos á reflexión.

Sesión 3: Resolución dos problemas no grupo

1. Dinámica de introducción: “Que sabes de min?”

The worksheet is titled "QUE SABES DE MIN?" in a handwritten font. It features a grid with 10 rows and 2 columns. Each row has a colored box on the left containing a category, and a horizontal line with small squares at each end on the right. The categories are: COR FAV (blue), SERIE FAV (yellow), PERSONAXE HISTÓRICA (pink), MATERIA (green), COMIDA (blue), LUGAR FAV (pink), FOMO (yellow), and PROFESIÓN (green). There are also some decorative elements like blue and green swirls on the left and right sides, and a yellow swirl at the bottom left and a red swirl at the bottom right.

CATEGORÍA	CONTENIDO
COR FAV	
SERIE FAV	
PERSONAXE HISTÓRICA	
MATERIA	
COMIDA	
LUGAR FAV	
FOMO	
PROFESIÓN	

2. Círculo restaurativo: reflexionando sobre o noso grupo

Aplicando as pautas para os círculos restaurativos, facemos un círculo e abordamos, tras varias rondas introdutorias, os problemas de falta de cohesión detectados na aula e pedimos que propoñan solucións e cousas que podemos facer no día a día para evitar que haxa xente illada ou que poida sentirse mal na clase.